Vistos os artigos 109, 110, 111, 114, 115 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de condicións técnicas e administrativas particulares redactado pola enxeñeira municipal na data 30/11/2016, para rexe-la contratación da subministración de “**sinais verticais para vías e espazos públicos do municipio de Riveira**”, cun orzamento total de **11.838,64 euros** (valor estimado do contrato: 9.784,00 euros; IVE 21%: 2.054,64 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria **132 62320**.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

QUINTO.- Anunciar a licitación no Perfil do Contratante do Concello para que tódolos interesados poidan presentar as súas ofertas no prazo de 5 días naturais.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún expediente para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA CARMEN CADÓRNIGA REGUEIRA POLOS DANOS E LESIÓNS PRODUCIDOS POR MOTIVO DUNHA CAÍDA NA RÚA DE GALICIA. Expediente nº: RP 5/2015.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Carmen Cadórniga Regueira**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:


FEITOS


Primeiro.- O día 24 de febreiro de 2014, dona Carmen Cadórniga Regueira ía camiñando pola rúa de Galicia en dirección ao supermercado Erosky, cando, de súpeto, tropezou cunha lousa que sobresaía do pavimento, caendo ao chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Cadórniga Regueira tivo que recibir asistencia médica no Hospital da Barbanza, no que lle foi diagnosticado esguice cervical e contusións torácicas, ademais de romper as gafas que levaba postas neses intres.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/02/2015 co número 2.094 (aínda que consta a súa presentación na oficina de correos de Riveira na data 24/02/2015), dona Carmen Cadórniga Regueira promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do informe emitido o día do accidente pola Policía Local do Concello de





Riveira; copia de informe médico emitido polo servizo de urxencias do Hospital da Barbanza; e copia simple de presuposto emitido por Miradoiro Ópticos, S.L.

Cuarto.- Posteriormente e a instancia desta Administración, dona Carmen presenta escrito, rexistrado de entrada na data 10/04/2015 co número 3.688, no que expón que a cantidade obxecto de reclamación ascende ao importe total de 2.252 €, cantidade que desglosa do seguinte xeito:

- 584 € por 10 días impeditivos.
- 627 € por 20 días non impeditivos.
- 725,87 € pola secuela á que se lle outorga 1 punto de valoración.
- 193,13 € en aplicación do factor de corrección do 10%.
- 122 € pola rotura das gafas.

Quinto.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 22/04/2015 co número 4.128, dona Carmen Cadórniga Regueira achega certificado da declaración anual do IRPF do exercicio 2013 para a súa incorporación ao expediente de referencia.

Sexto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe realizado pola Policía Local do Concello de Riveira remitido na data 21/10/2015.
- Actas de práctica das probas testemuñais do día 06/11/2016.
- Informe emitido pola enxeñeira municipal na data 06/06/2016.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 15 días hábiles, presentándose alegacións pola interesada mediante escrito rexistrado de entrada na data 19/10/2016 co número 13.626, e no que reitera a súa petición inicial.


FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Carmen Cadorniga Regueira para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente**





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

ocorrido na rúa de Galicia, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridas pola Sra. Cadórniga Regueira. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a rúa de Galicia na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira, tivo constancia dos feitos polos que se reclama, podendo comprobar a veracidade dos mesmos tal e como se reflicte en informe emitido na data 24/02/2014 no que se dispón o seguinte:** *“Que a las 12:45 horas del día 24 de febrero de 2014 cuando realizábamos servicio de patrulla nos comunicó la Sala de que se había tenido conocimiento mediante llamada telefónica de un particular de que en la calle Galicia a la altura de la Ortopedia sa había caído una persona al tropezar con una loseta que se encuentra levantada. Que personados en el lugar los agentes actuantes se procedió a identificar a la persona resultando ser Carmen Cadórniga Regueira, con dni 76.516.585-R, nacido el 26 de diciembre del 1960, con domicilio en la C/ Miguel Rodríguez Bautista nº 40, P 5º A. Que los agentes actuantes comprobaron el lugar donde tropezó la persona, observando efectivamente como a la altura del nº 41 hay una loseta que se encuentra levantada sobre el nivel de la calzada y la misma se mueve al pisar, de lo cual se aporta informe fotográfico, también se aporta otra foto de otras dos losetas sueltas que se encuentran situadas en el mismo centro de la calle y a unos cuatro metros del lugar donde se cayó la persona. Reseñar que el tramo de la calle rúa Galicia desde la tienda de Barbanza Joya hasta la antigua plaza del pescado se observan numerosas losetas levantadas sobre el nivel de la calzada y estas se mueven constituyendo un peligro por el cual sería conveniente que la brigada de obras las fijara en el tiempo más breve.*
- **As testemuñas ás que se tomou declaración no procedemento administrativo, presenciaron a caída da reclamante e coinciden en**





afirmar que a caída produciuse ao tropezar cunha lousa que non estaba ben.

- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente e descoñeceuse o estado exacto da rúa á altura do número 41 na data da caída. Isto é o que reflicte a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 06/06/2016.

Da análise das probas practicadas, sobre todo do referido pola Policía Local no seu informe, **extraemos a seguinte conclusión: que a rúa de Galicia na data do accidente tiña deficiencias en numerosas lousas e que unhas desas lousas en mal estado foi a que provocou a caída da Sra. Cadórniga Regueira.**

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato entre o funcionamento do servizo municipal e os danos e lesións sufridos pola reclamante.**

Respecto do **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada pola reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir ao Real Decreto Lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de Vehículos a Motor e a Resolución do 05 de marzo de 2014, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se da publicidade ás contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que se aplicarán durante o 2014.

Así, en canto ás **lesións físicas**, en informe médico que achega a reclamante dispónse que a data da alta médica é o 25/03/2014, polo que se empregaron 30 días na curación das mesmas, dos que, segundo o referido informe médico, 10 días foron impeditivos, polo que os 20 días restantes considéranse non impeditivos. Con estes datos médicos e aplicando a Resolución do 05 de marzo de 2014 temos que:

- 10 días impeditivos x 58,41 € = 584,1 €.
- 20 días non impeditivos x 31,43 € = 628,6 €.
- **Total por este concepto = 1.212,7 €**


Polo que respecta ás **secuelas** alegadas pola reclamante, no informe médico acredítase como secuela unha cervicalxia sen irradiación braquial, que se valora en 1 punto, polo que en atención á idade da reclamante na data da caída **correspóndelle unha indemnización de 725,87 €.**

O total polas lesións físicas e polas secuelas da un resultado de 1.938,57 €, cantidade á que se lle suma a contía de **193,85 € en concepto de factor de corrección do 10%**, o que da un total por este concepto de 2.132,42 €.

E por último, en relación cos **danos sufridos nas gafas**, estes resultan acreditados cun presuposto emitido por Miradoiro Ópticos. S.L., que presuposta os gastos na contía de 122 € (100,83 de base imponible e 21,17 do IVE). Enténdese que ao non achegar factura e presentar soamente o presuposto, non debe terse en conta o IVE, polo que a contía a indemnizar por este concepto sería de **100,83 euros.**

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer ao reclamante unha indemnización total por un importe de **2.233,25 euros.**





Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 29/11/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 01/12/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Carmen Cadórniga Regueira na contía de 2.233,25 €.

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará a dona Carmen Cadórniga Regueira a contía de 150 €, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo a Mapfre Seguros de Empresas o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 2.083,25 €.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON DARÍO TRILLO LEMA, EN REPRESENTACIÓN DE JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L., POLOS DANOS SUFRIDOS NUN VEHÍCULO OCASIONADOS POLA CAÍDA DUN CABLEADO CANDO CIRCULABA POLO ACCESO AO PARQUE DE SAN ROQUE. Expediente nº: 17/2015 RP.


Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Darío Trillo Lema**, en nome e representación de **JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:


FEITOS

Primeiro.- O día 12 de maio de 2015, don Benito Alba Eirín conducía o autocar con matrícula 8150 HBG, propiedade da entidade "JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L.", cando ao circular pola vía de acceso ao parque de San Roque, procedente da estrada CP-7307, bateu o vehículo contra un cable que cruzaba a vía, o que lle ocasionou unha serie de danos na claraboia do mesmo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/09/2015 co número 9.779, don Dario Trillo Lema, en nome e representación da mercantil "JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L.", promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 632,83 euros, segundo a factura de reparación do vehículo emitido por "Dalonga S.A.", mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple da escritura de "*Poder Xeral para Pleitos e en especial para determinadas actuacións*", autorizada polo Notario de Cambados, don Francisco Manuel Botana Torrón, na data 13/08/2015 co número 1170 de protocolo; copia simple do permiso





de circulación do vehículo; copia simple da folla das características técnicas do vehículo; copia simple do informe atestado 34/15 realizado pola Policía Local do Concello de Riveira por mor do accidente; copia simple da dilixencia ampliatoria de danos no autobús matrícula 8150-HBG, realizada pola Policía Local do Concello de Riveira; factura de reparación do vehículo emitida por "Dalonga S.A."; e reportaxe fotográfico, composto de 8 fotografías, acreditativo dos danos.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el informe emitido por "Dalonga S.A.", rexistrado de entrada na data 06/06/2016 co número 7014; informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira remitido na data 10/06/2016; e informe emitido pola enxeñeira municipal na data 15/06/2016.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que a reclamante presenta escrito de alegacións, rexistrado de entrada na data 17/11/2016 co número 15.065, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO


Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.- O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas;



b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.- En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.


Por outra banda, e **segundo a documentación do vehículo que consta no expediente, a entidade "JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L." é titular do vehículo matrícula 8150-HBG**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.


Actúa representada por don Darío Trillo Lema, que acredita debidamente a súa representación coa escritura de "*Poder Xeral para Pleitos e en especial para determinadas actuacións*", autorizada polo Notario de Cambados, don Francisco Manuel Botana Torrón, na data 13/08/2015 co número 1.170 de protocolo.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, xa que, tanto a vía que conforma o acceso ao Parque Periurbano de San Roque como os cables de subministro eléctrico que cruzan a vía, son de titularidade municipal, segundo afirma a enxeñeira municipal no seu informe de data 15/06/2016.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no vehículo referido**, como se desprende do informe policial realizada o día do accidente, e da factura de reparación do vehículo emitida por "*Dalonga S.A.*" que o reclamante achega coa súa reclamación.

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o





recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

A estes efectos, a **Policía Local no informe emitido na data do sinistro dispón que:** *"(...) Personados en el lugar comprobamos que el cableado contra el que chocó el autobús y que cruza la vía consta de tres mangueras envueltas entre sí, para suministro eléctrico desde el taller del Centro de Interpretación Arqueológica hasta el taller de cantería, así como que estaba a una altura inferior a lo que mide de alto el autobús y que no había ninguna señalización que prohibiese el paso de vehículos, bien sea en función del tipo, bien porque superasen determinada altura o peso, u otra circunstancia. Debido a la altura a la que se encontraba el cable sobre el nivel del suelo resultaba muy difícil verlo desde la posición del conductor del autobús, el cual manifestó no percatarse de su existencia hasta que golpeó en el techo rompiendo la claraboya de cristal, momento en el que de inmediato frenó y detuvo el vehículo. Luego, dijo, maniobró para liberarse del cable y estacionó allí al lado hasta nuestra llegada. (...). Es parecer de los policías actuantes, fundamentándose en las circunstancias concurrentes, inspección ocular realizada y manifestación del conductor implicado, que la causa determinante del accidente de circulación que nos ocupa ha sido que el cable eléctrico contra el que chocó el autobús implicado estuviese a una altura inferior a la del propio vehículo y no lo suficientemente visible para el conductor, así como ninguna señalización expresa que prohibiese su paso por la vía pública por la que circulaba, de titularidad de la Administración Municipal."*


Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo viario municipal e os danos ocasionados ao vehículo matrícula 8150-HBG, propiedade de "JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L."

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/11/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 01/12/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Dario Trillo Lema, en nome e representación da mercantil "JOSÉ ACHA GARCÍA E HIJOS S.L.," na contía de 632,83 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará ao reclamante a contía de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre, correspondendo a Mapfre o abono da contía restante, isto é, a





cantidade de 482,83 euros ao reclamante mais os xuros que legalmente lle correspondan.

3.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA CONCEPCIÓN FALQUÉ TAPIA POLOS DANOS OCASIONADOS NUN VEHÍCULO POR MOR DA CÁIDA DUN SINAL DE TRÁFICO CANDO ESTABA ESTACIONADO NA PRAZA DE PONTEVEDRA. Expediente nº: 18/2015 RP.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona Concepción Falqué Tapia**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 31 de xaneiro de 2015, dona Concepción Falqué Tapia tiña estacionado o vehículo da súa propiedade, marca Seat Córdoba con placas de matrícula 4217-CGW, na Praza de Pontevedra, cando, de súpeto, un sinal vertical caeu contra o mesmo, o que lle ocasionou unha serie de danos.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 23/09/2015 co número 9.926, dona Concepción Falqué Tapias, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 375,56 euros, segundo o informe pericial elaborado por don Roberto M. Conde Santos.


Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia compulsada do permiso de circulación do vehículo; copia simple do informe elaborado pola Policía Local do Concello de Riveira por mor do accidente; copia compulsada do permiso de conducción da reclamante; copia compulsada do DNI da reclamante; informe pericia dos danos do vehículo emitido por don Roberto M. Conde Santos; e presuposto de reparación do vehículo emitido por "Gonzacar S.L."


Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe elaborado pola Policía Local do Concello de Riveira remitido na data 19/09/2016; certificado emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico rexistrado de entrada na data 19/09/2016 co número 11.984; e informe emitido por Talleres Gonzacar S.L., rexistrado de entrada na data 07/10/2016 co número 13.013.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que ningún dos interesados presenta escrito de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-





A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).


Terceiro.-


O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte máis axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.





O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, a **reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, dona Concepción Falqué Tapia é titular do vehículo matrícula 4217-CGW**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, xa que a **regulación do tráfico na zona na que se produciu o sinistro, incluída a colocación dos sinais, son competencia do Concello**, segundo afirma a Policía Local no seu informe de data 16/09/2016, polo que a esta Administración lle corresponde a conservación dos sinais da súa propiedade e a substitución dos que se atopen deteriorados e non cumpran o seu obxecto, segundo dispoñen os artigos 57 e 58 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria.


Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe policial realizado o día do accidente: *"Personados en el lugar, se pudo observar como el vehículo marca Seat, modelo Cordoba, matrícula 4217CGW, se encontraba perfectamente estacionado en la Plaza de Pontevedra, y tenía daños en el maletero y defensa traseros provocados por una señal."*, e do informe pericial e presuposto de reparación do vehículo que a reclamante achega coa súa reclamación.

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario.

A estes efectos, a **Policía Local no informe emitido na data do sinistro dispón que: "Personados en el lugar, se pudo observar como el vehículo marca Seat, modelo Cordoba, matrícula 4217CGW, se encontraba perfectamente estacionado en la Plaza de Pontevedra, y tenía daños en el maletero y defensa traseros provocados por una señal, colocada por operarios del Concello por obras, se encontraba en el suelo y sin anclar, debido al viento cayó contra dicho vehículo"**.

E no informe realizado na data 16/09/2016 na instrución do expediente indican que **o vehículo estaba correctamente estacionado, que a colocación dos sinais e a regulación do tráfico son competencia do Concello, que dito sinal estaba correctamente colocada e que foi colocada polo Concello e que o sinal posiblemente caeu debido ao vento, xa que se trata dun sinal móbil colocada para a ocasión de modo provisional**.





Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo viario municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Seat Córdoba, matrícula 4217-CGW, propiedade de dona Concepción Falqué Tapia.

Respecto do *quantum* a indemnizar, a reclamante presenta un presuposto de reparación do vehículo emitido por "Gonzacar S.L.", que cuantifica o custo da reparación na contía total de 310,38 euros sen IVE, e nun total de 375,56 euros se lle engadimos o 21% do IVE. Como neste caso a reclamante non presenta a factura de reparación do vehículo, soamente un presuposto, enténdese que non debe indemnizarse a porcentaxe que corresponde polo pago do IVE.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 30/11/2016, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 01/12/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Concepción Falqué Tapia, na contía de 310,38 euros.

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará á reclamante a contía de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre, correspondendo a Mapfre o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 160,38 euros á reclamante.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 686/2016, de data 17/11/2016, emitida polo **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia/Sala do Contencioso-Administrativo/Sección 2ª**, relativa ós **prodecementos ordinarios nº 4274/2015 e 4284/2015**, pola que se estiman os recursos contenciosos administrativos acumulados interpostos a instancia de Recolte Servicios y Medioambiente, S.A.U e do Concello de Riveira, en relación coa resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de data 24/07/2015, que estima o recurso interposto por Urbaser, S.A. contra o acordo de adxudicación do contrato de "Xestión do servizo público de limpeza urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción de vidro) e xestión do punto limpo,





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

mediante a modalidade de concesión”, adoptado polo Pleno do Concello de Riveira o 05/05/2015.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo Servizo de Recadación-Unidade Central de Recadación Executiva-Deputación Provincial da Coruña, de data 07/11/2016 (Rexistrado de entrada en data 15/11/2016 co nº 14.952), no que solicita informe sobre a previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor (Expte. Nº: 2008EXP35028350)

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo Servizo de Recadación-Unidade Central de Recadación Executiva-Deputación Provincial da Coruña, de data 11/11/2016 (Rexistrado de entrada en data 18/11/2016 co nº 15.092), no que solicita informe sobre a previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor (Expte. Nº: 2008EXP35028350)

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo Servizo de Recadación-Unidade Central de Recadación Executiva-Deputación Provincial da Coruña, de data 15/11/2016 (Rexistrado de entrada en data 18/11/2016 co nº 15.093), no que reitera a solicitude de informe sobre a previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor (Expte. Nº: 2010EXP35010588)

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 9 de decembro de 2016

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

